# *Pelagia noctiluca* (Forsskâl, 1775)



## Clasificación

**Reino** Animalia
**Filum** Cnidaria
**Clase** Scyphozoa
**Subclase** Discomedusae
**Orde** Semaeostomeae
**Familia** Pelagiidae

## Descrición

Pequena medusa que pode chegar a alcanzar os 15 centímetros de diámetro umbrelar. A súa umbrela ten forma de fungo, algo aplanada, con lóbulos alongados e redondeados na súa marxe, onde se alternan os tentáculos marxinais, que en número de ata 16 poden chegar a alcanzar totalmente estirados os 20 metros de lonxitude, e os órganos sensoriais. Arredor da boca ten catro brazos longos e robustos, non ramificados. As verrugas pardas que se estenden tanto pola umbrela como polos tentáculos e brazos orais están formadas por acumulacións de cnidocistos. É dunha típica cor rosada translúcida, coas verrugas de cor amarela avermellada rosada ou amarronada.



## Hábitat e Bioloxía

É un animal peláxico que chega á costa arrastrado polos ventos e correntes, especialmente nos meses de primavera e verán. Non presenta fase pólipo, polo que o seu ciclo vital se circunscribe exclusivamente a mar aberto. Ten dous períodos reprodutores, primavera e outono, cun crecemento moi rápido e unha lonxevidade duns dous anos. Cando encontra as condicións ambientais adecuadas pode chegar a formar verdadeiros enxames. A pesar do seu pequeno tamaño, é unha especie de perigosidade alta polos seus potentes cnidocistos.

# *Pelagia noctiluca* (Forsskâl, 1775)

## Especies semellantes

O seu pequeno tamaño e característica cor rosada fana facilmente identificable.

## Distribución

Desde as Illas Británicas ata o Mediterráneo.





## Curiosidades

O nome da especie, *noctiluca*, é unha palabra composta por dous termos latinos, *nox* ('noite') e *lux* ('luz'), significa 'luz nocturna' e refírese á súa luminiscencia nocturna.

Os nematocistos deste animal son altamente urticantes e poden infrinxir dolorosísimas picaduras, polo que non é recomendable tocala nin achegarse a ela.